

**VIÑETAS**  
**BD**

**2024**













**VIÑETAS**  
**BD**

*Viñetas BD* n.º 1.  
Publicación do festival  
Viñetas desde o Atlántico.

Agosto de 2024.

© 2024 polos textos e ilustracións: os  
seus respectivos autores.


Edita: Concello da Coruña.  
Impresión: Imprenta Provincial da  
Coruña  
Tiraxe: 700 exemplares.

Dep. legal: C 1164-2024

Edición non venal. Prohibida a súa  
venta.

Prohibida a reprodución total ou  
parcial sen o permiso expreso dos  
seus autores ou editores





Volve agosto e con el o mes do comic na Coruña. Volve o noso querido ‘Viñetas desde o Atlántico’, cada vez máis coruñés e ao tempo máis internacional.

Logo de máis dun cuarto de século, o Salón do Cómic coruñés é un evento consolidado que cada edición suma novos visitantes. Neste 2024, coincidindo coa 27.<sup>a</sup> edición, sumamos ademais novas caras e novos estilos, abrindo o viñetas á vangarda que caracterizou sempre á Coruña. Un festival aberto e cultural que chega a todas as idades. E que quere seguir chegando.

Quero destacar nesta edición o traballo do director do Viñetas, Manel Cráneo, xunto coa área de Cultura e Turismo do Concello da Coruña para que o Viñetas chegue cada vez a máis público. Este ano presentouse o noso cartel, obra de Genie Espinosa, por primeira vez no Salón do Cómic de Barcelona. Unha importante cita que congrega os mellores viñetistas e deseñadores gráficos e que supuxo un importante escaparate para a nosa cidade. Ademais, esta é a primeira edición na que, de xeito paralelo e desestacionalizado, o Concello puxo en marcha o ‘Viñetas desde a escola’, co obxectivo de levar o noso festival ás novas xeracións.

Os mozos e mozas da nosa cidade medraron paseando no mes de agosto coas figuras de Batman, Spiderman, Astérix e Obélix ou Pitufina, xunto coa recente incorporación de Esther. Coñecendo as mesmas personaxes que seus pais e nais descubriran na lectura. Unha forma de manter viva a memoria e de conectar xeracións, sempre a través da cultura.

Nesta edición contaremos, ademais de con Genie Espinosa, con Lucas Varela, Marcello Quintanilha, Kundo Krunch ou Susanna Martín, entre outros moitos autores e autoras. Neste cómic temos algunhas das súas creacións exclusivas, unha nova liña de acción que busca achegar as viñetas dende todo os puntos e formas, apostando polo cómic como instrumento de lectura.

Desexo que gocen da lectura, do festival e dos nosos artistas. As súas historietas forman xa parte da nosa historia.

Inés Rey  
Alcaldesa da Coruña



## **VIÑETAS DESDE O ATLÁNTICO 2024**

Festival de banda deseñada

• Festival de la historieta • Comic Festival

Alcaldesa da Coruña / Inés Rey

Concelleiro de Cultura e Turismo /  
Gonzalo Henriques Castro Prado

Coordinadora da Área de Fomento e  
Promoción da Cidade / Eva Blanco Sánchez

Xefa do Departamento de Promoción Cultural /  
Susana Martínez Portabales

Xefe do Departamento de Exposicións  
e M. H. / Ramón Vilas de Escauriaza

Dirección e comisariado / Manel Cráneo

Coordinación de exposicións / Henrique  
Torreiro

Coordinación Rúa da BD / Rómulo Sanjurjo

Xefe de produción audiovisual / Tomás Conde

Atrezzo e axudante de dirección artística /  
Laura Blanco

Produción e hospitalidade / Santy Gutiérrez

Coordinación Viñetas Escola /  
Xulio Carballo

Coordinación zonas de xogo Viñetas Mini /  
Fran Pernas

Músicas do festival / *Banda deseñada*  
(Chuches Amil) e *Ask a question* (Morgen)

Comunicación / Luisa Castiñeira, Lucía  
Martínez, Vanessa Rábade, Patricia Portela

Deseño web / Yago Concejo

Impresión / Imprenta Provincial da Coruña

## **EXPOSICIÓNS OFICIAIS (13)**

**PALACIO MUNICIPAL MARÍA PITA**  
Genie Espinosa (Barcelona)

**KIOSCO ALFONSO**  
Marcello Quintanilha (Brasil)  
Lucas Varela (Arxentina)  
Kundo Krunch (Arxentina)

**PALEXCO**  
Marc Torices (Barcelona)  
Susanna Martín (Bilbao)  
ExpoFanzines Autobán (España)  
Histórica dos Premios Castelao da  
Deputación da Coruña (Galicia)

**CASA MUSEO PICASSO**  
Yeyei Gómez (Madrid)

**CASA DA CULTURA SALVADOR DE  
MADARIAGA**  
Cristian F. Caruncho (Galicia)  
Paula Mayor (Galicia)  
Colectiva «Toriyama en Galicia» (Galicia)

**ÁGORA**  
Jorge Campos (Galicia)



Viñetas desde o Atlántico ten algo que o converte nun dos festivais máis queridos da banda deseñada mundial: o respecto aos creadores e unhas exposicións ben cuidadas, unha fortaleza mantida durante os seus 26 anos de vida. Case tres décadas marcaron a vida dunhas cantas xeracións de coruñeses e coruñesas, pero moitos aínda hoxe non son conscientes da calidade e relevancia do evento que temos; un descóbreeo cada vez que viaxa a outros festivais ou fala con compañeiros do sector, procedentes doutras zonas xeográficas.

A responsabilidade que supón para min asumir a dirección é grande, polo peso deses 26 anos de historia e pola importancia e o alcance que ten na sociedade, pero asumo o encargo con tranquilidade e optimismo, con coñecemento do medio e nun momento de madurez profesional, agradecido pola confianza posta en min por Inés Rey, Gonzalo Castro e todo o equipo de Cultura do Concello da Coruña, que viron na miña persoa o perfil buscado para este labor. Non quero esquecer tampouco os compañeiros e compañeiras de sector, que me deron folgos e me arrouparon nesta decisión, e a todo o equipo técnico, que me axudou a darlle forma a este novo rumbo; cun equipo así, calquera reto é superable.

Os meus obxectivos son claros e amosan o meu compromiso co sector: renovar o festival e adaptalo aos tempos que corren, de convivencia entre o analóxico e o dixital, sen perder esa esencia de agarimo e respecto aos autores, poñendo tamén foco de atención sobre editores e libeiros especializados, para fortalecer a relación entre todos os entes do sector profesional do cómic. O público lector é outro factor de suma importancia para que o festival funcione. Penso nas novas xeracións de rapazada, que son presente e futuro do festival; penso nos colectivos desfavorecidos, que poden atopar o seu lugar nel; penso na relación con outros sectores creativos, como a música, o audiovisual e as artes escénicas, ou mesmo a gastronomía. A BD fai maridaxe con todo, polo que a proposta para este 2024 é unha nova estrutura do festival, organizado por temas en diferentes seccións e apoiado por unha imaxe actualizada.

Poño a favor todo o meu empeño, con humildade e criterio, pero tamén con ambición: a de ver medrar o festival e darlle pulo para que sexa un lugar onde todas e todos queiramos estar, entreternos, divertirnos, aprender, socializar e progresar como sociedade a través dun medio amable, creativo, inclusivo e sen fronteiras como é a banda deseñada. Cando lle presentei o proxecto ao equipo técnico, cualificárono de ambicioso; éo, mais non o é porque eu o pensase así: éo porque A Coruña merece ter un festival de banda deseñada da mesma categoría que a nosa cidade: universal.

Manel Cráneo  
Director de Viñetas desde o Atlántico



## UN FESTIVAL CON NOVA ESTRUCTURA

A 27.<sup>a</sup> edición de Viñetas desde o Atlántico trae consigo moitas novidades a través de formatos innovadores no evento, que dan pé a unha nova estrutura por seccións ben definidas. Isto faralle moito máis fácil aos visitantes moverse pola programación.

A ligazón da banda deseñada con medios como o audiovisual e os espectáculos en directo, a relación da banda deseñada coa gastronomía, as actividades infantís, os eventos para profesionais, a inclusión social con accións destinadas a colectivos desfavorecidos, a divulgación da banda deseñada no eido educativo e unha actualización da oferta comercial da feira de expositores formulan unha nova proposta.

**VIÑETAS**  
**BD**

## A LECTURA DO FESTIVAL

Unha das grandes novidades desta edición de Viñetas desde o Atlántico, baixo a nova dirección de Manel Cráneo, é a publicación de *Viñetas BD*. Un novo concepto dentro do festival, que se afasta do catálogo tradicional para ofrecer un formato máis próximo á revista.

A finalidade deste novo formato é crear un espazo creativo para os participantes e ofrecerlles aos visitantes unhas lecturas exclusivas que acheguen valor engadido aos contidos expositivos. Para tal fin, encargámoslle a cada un dos autores e autoras que contan con exposición nas sedes oficiais unha historieta orixinal e autoconclusiva que partise dalgunha das súas obras publicadas e presentes na súa mostra. O resultado está nas túas mans.

## CONVIDADOS OFICIAIS

GENIE ESPINOSA  
LUCAS VARELA  
KUNDO KRUNCH  
MARCELLO QUINTANILHA  
FERMIN MUGURUZA  
SUSANNA MARTÍN  
MARC TORICES  
YEYEI GÓMEZ  
JORGE CAMPOS  
PAULA MAYOR  
CRISTIAN F. CARUNCHO  
MANUEL L. POY  
XAQUÍN MARÍN

VIÑETAS **ÑAMI!**  
VIÑETAS **EXCLUSIVAS**  
VIÑETAS **RUA BD**

VIÑETAS **SHOW**  
VIÑETAS **PRO**  
VIÑETAS **EXPO**

VIÑETAS **MINI**  
VIÑETAS **ESCOLA**  
VIÑETAS **BD**



# EXPOSITORES

*Bibliotecas Municipais da Coruña*  
*A Gata Tola*  
*AGPI*  
*Aleta Ediciones*  
*Desfiladero Ediciones*  
*Unrated Comics*  
*Alita Comics*  
*Penguin Random House*  
*Anillo de Sirio*  
*Astiberri Ediciones*  
*Librería Paz*  
*Bang & Mamut Comics*  
*Cartem*  
*Cascaborra Ediciones*  
*Chili Com Carne*  
*Cósmica / Serendipia*  
*Demo Editorial*  
*Dolmen Editorial*  
*Ediciones La Cúpula*  
*Komic Librería*  
*Ponent Mon*  
*Yermo Ediciones*  
*Fandogamia Editorial*  
*Garbuix Books*  
*GP Ediciones*  
*Grafito Editorial*  
*Nuevo Nueve*  
*Norma Editorial*  
*Metrópolis Comics (A Coruña)*  
*Spaceman Project*  
*Tengu Ediciones*  
*Astora Comics*  
*Eldritch Gate*  
*El Baúl de los Recuerdos*  
*Flandón Libros de Vello*  
*Galgo Azul*  
*Bululú Libros*

# CONVIDADOS EN COLABORACION CON EDITORES E LIBREIROS

*Abel Álvarez · Adrián Suárez Mouriño · Afra Torrado · Alberto Carceller · Alex Martos · Alexandre Senande · Alicia Jaraba · Alicia Martín Santos · Álvaro Ortiz · Ana Moreiras · Anabel Colazo · Andrés Garrido · Artur Laperla · Bea Gregores · Bea Lema · Bernal Prieto · Bruno López (Elerre) · César Verdúñez · Clara Patiño Bueno · David Braña · David Rubín · Diego Ameixeiras · Diego Burdío · Doc Pastor · Elena Andrés · Emma Ríos · Fran Jaraba · Frankman Román · Fuco Prado · Iria Aldegunde · Iván Gil · Iván Sarnago · Jordi Bayarri · José Ángel Ares · Juanfer Briones · Lola Garcerá · Lucía Cid · Manel Cráneo · Manuel Veiga · María Jiménez · Mariano Casas · Marina Sáez · Martín Romero · Miguel Fernández · Miguel Robledo · Pablo Prado · Paula Cheshire · Paula Esteban · Pedro F. Medina · Pío Barreiro · Primitivo Marcos · Rafael Jiménez · Tomás Guerrero · Víctor L. Pinel · Weronika Hańczyc · Xavier Alcalá · Xavier Queipo · Xulia Pisón · Xulia Vicente*





# CARTEL 2024

No 15.º aniversario da súa declaración como Patrimonio da Humanidade, a Torre de Hércules volve ser protagonista da imaxe do cartel de Viñetas desde o Atlántico un ano máis.

Nesta ocasión, a artista barcelonesa Genie Espinosa converte a torre no centro de reunión de diversos personaxes cuxo punto de conexión está na lectura de banda deseñada, potenciando o valor deste medio como elemento de entretemento, de aprendizaxe e de coñecemento e como ferramenta de inclusión social. Na obra vense representadas, a través dunha paleta de cores fresca e chea de vida, persoas de diferentes perfís que len obras de referencia do mundo do cómic, como *Maus*, de Art Spiegelman, *Batman*, de Bob Kane e *Bill Finger*, ou *Persépole*, da iraniana Marjane Satrapi, recentemente recoñecida co Premio Princesa de Asturias de Comunicación e Humanidades. Un cartel para encher de cor e alegría a 27.ª edición do festival.







## GENIE ESPINOSA

Barcelona, 1984. A súa primeira novela gráfica, *Hoops*, obtivo o premio ao autor revelación de Comic Barcelona e mais o premio Ojo Crítico de RNE de cómic 2021. Coordinou os fanzines *Raras* (2019) e *Muy Raras* (2020). En 2022 foi unha das autoras de *Comic mit Akzent*, publicación sobre a BD española editada co gallo da participación de España como país invitado de honra na Feira do Libro de Frankfurt. En 2023 publicou a novela gráfica *Tiburón blanco* e participou na exposición colectiva de autoras de BD de vangarda *Constel·lació gràfica*, no Centre de Cultura Contemporània de Barcelona.

*Hoops* (Sapristi, 2020)  
*Tiburón blanco / Tauró blanc*  
(Sapristi/Finestres, 2023)

## VINHAS NOTAS SOBRE OS CONVIDADOS

As temáticas sociais e a banda deseñada independente son un dos puntos en común dos convidados ao Viñetas 2024. Ademais, poñemos o punto de mira na outra beira do Atlántico, ollando cara á BD brasileira e arxentina.

Información completa en [www.vinetasdesdeatlantico.com](http://www.vinetasdesdeatlantico.com)



### LUCAS VARELA

Autor arxentino, os seus libros veñen publicándose en España desde hai anos, como o seu éxito *Paolo Pinocchio*. Na súa exposición tamén veremos outras obras súas, como *El humano* e *Diagnósticos*, con guión de Diego Agrimbau.



### KUNDO KRUNCH

Premiado autor arxentino, ten xa tres obras editadas no mercado español e galego. Neste Viñetas presentará, xunto co guionista Manuel L. Poy, o libro *Carne para cans*, sobre o anarquista galego Antonio Soto.



### MARCELLO QUINTANILHA

Brasileiro gañador de dous premios no Festival de Angoulême e un no Comic Barcelona, o seu libro *Tungsteno* foi adaptado ao cinema, e o filme será proxectado nesta edición do Viñetas. Na mostra veremos tamén páxinas de obras como *Luces de Niterói* e *Escucha, hermosa Márcia*.



### SUSANNA MARTÍN

Ten publicado numerosas novelas gráficas de temática social, nuns casos traballando en solitario (*Residencia de estudantes*, *Irse o morir...*) e noutros en colaboración con guionistas como Fermin Muguruza ou Miguel Á. Giner Bou, caso da banda deseñada *Ofensiva final*.



### FERMIN MUGURUZA

O cantante, instrumentista e produtor musical, líder dos grupos Kortatu e Negu Gorriak, presentará o seu proxecto transmedia *Black is Beltza II: Ainhoa*, que inclúe un filme de animación que se proxectará no festival e unha adaptación á BD a cargo de Susanna Martín.

## MARC TORICES

A súa obra *La alegre vida del triste perro Cornelius* obtivo o premio á mellor obra no Comic Barcelona este mesmo 2024, e está a ser adaptada ao formato animado; a anterior, a biografía *Cortázar*, foi galardoada co premio Splash ao mellor cómic nacional.



## YEYEI GÓMEZ

Autora con obra publicada en España e Francia, gañadora do Premio Injuve en 2016. As súas publicacións transitan entre a banda deseñada e a viñeta de humor social, coa ollada posta nas artes plásticas.



## JORGE CAMPOS

O prolífico autor de *Unha mestra en apuros* (con guión de Pilar Serrano) e outros éxitos da banda deseñada galega presenta unha selección das súas obras, cos personaxes Kameko, Vani e o Capitán Lentella.



## CRISTIAN F. CARUNCHO

A súa obra *O día de San Martiño* recibiu Premio Castelao de Banda Deseñada na modalidade infantil e xuvenil. Anteriormente, asinara a BD *Grandarroiba* e realizara un videoclip de animación para Tremenda Jauría e Fermin Muguruza.



## PAULA MAYOR

Galardoada co Premio Castelo de Banda Deseñada 2023 na modalidade xeral, a súa obra *Rosalía oculta* supón un achegamento á biografía menos coñecida de Rosalía de Castro, cun enfoque estético moi persoal.




## MANUEL L. POY

O prolífico guionista de BD, xornalista e escritor asiste ao Viñetas para presentar as súas últimas obras, *Carne para cans*, xunto a Kundo Krunch, e o integral *A espada de San Eufrasio*, debuxado por Miguel Fernández.









Sí.

Exactamente eso siento cuando hago cómics.

Explicar historias y conectar con el lector...

¡BUM!

¡MAGIA!

Pues yo no lo he pillado.









11 DE MAYO DE 1963.  
PUNTA ARENAS, CHILE.



¿QUIÉN ERA?

ANTONIO SOTO, EL GALLEGO.  
¿HAS VENIDO A SU FINERAL Y  
NO SABES QUIÉN ES?



HE VENIDO CON MI HERMANO,  
QUE ES DE LA JOTA (\*)



ERA UN AUTÉNTICO LUCHADOR POR  
LA LIBERTAD, UN VERDADERO REVOLUCIONARIO... UN ANARQUISTA DE  
PENSAMIENTO Y ACCIÓN.



PARECE QUE TODOS ADMIRÁIS  
MUCHO A ESE GALLEGO.

NO ES PARA MENOS.  
IMAGINATE QUE...




(\*) POPULARMENTE LAS JUVENTUDES COMUNISTAS DE CHILE.



LLEGÓ A BUENOS AIRES DESDE FERROL... UN CHAVAL INMIGRANTE Y POBRE, QUE SE CURTIÓ EN LOS TRABAJOS MÁS DUROS.



CON 21 AÑOS PARTICIPÓ EN SU PRIMER REVUELTA OBRERA, LA SEMANA TRÁGICA DE BUENOS AIRES, DE DONDE TUVO QUE HUIR A RÍO GALLEGOS, AL SUR DE LA PATAGONIA.



LE PLANTÓ CARA A LOS HACENDADOS QUE MANTENÍAN EN LA MISERIA A SUS PEONES, Y ENCABEZÓ UNA REVUELTA POPULAR QUE FUE LIQUIDADADA A SANGRE Y FUEGO.



SOLO ÉL Y UNA DOCENA DE COMPAÑEROS LOGRARON SALVAR LA PIEL, Y DEDICÓ EL RESTO DE SU VIDA A COLABORAR CON TODA CUANTA CAUSA SOLIDARIA SE LE CRUZÓ EN EL CAMINO.



¡NO SOY CARNE PARA FERROS!

SIEMPRE LA LLEVÓ DENTRO... PERO SU PATRIA ERA EL MUNDO ENTERO.



¿Y NUNCA VOLVIÓ A SU TIERRA?







© Marcelle Quintilha

¿CÓMO LO HACES, AVALUTSA? ¿CÓMO  
CONSIGUES QUE TODOS SE FIJEN TANTO  
EN TI? ¡ESTÁS SIEMPRE RODEADO  
DE GENTE QUE TE ADORA!



¡NO PERTENEZCAS, CORNELIUS! LA  
NEGACIÓN TE HACE DUEÑO DE TUS  
ACTOS. LA NEGACIÓN ES ROTUNDA Y  
ATRACTIVA ¿LO ENTIENDES?



DIOS MÍO  
¡NO!

SI NIEGAS TU PRESENCIA O TU APROBACIÓN  
A ALGUIEN, TE HABRÁS GANADO SU INTERÉS  
¡AUTOMÁTICAMENTE!



¡OH, AVALUTSA! TODO ESTO QUE ME  
CUENTAS ¡ES TAN ENIGMÁTICO Y  
SUGESTIVO! ¿IVANOS A COMER ARROZ  
A MI CASA Y ME LO CUENTAS MÁS  
DETALLADAMENTE?



NO.



¡MALDITA SEA! ES TAN INTERESANTE..



¡EEEH, PERRO CORNELIUS!


MARC  
TORICES





CORNELIUS

BARRANCO DE VÍZNAR-ALFACAR, GRANADA. MADRUGADA DEL 18 DE AGOSTO DE 1936.




[SILENCIO]



RECUERDO QUE CUANDO LA EDITORIAL ME ENCARGÓ EL CÓMIC SOBRE EL PASO DE FEDERICO POR LA RESIDENCIA DE ESTUDIANTES ME ENTRÓ EL PÁNICO: "¿CÓMO VOY A ESCRIBIR SOBRE LORCA, YO? ¡SI NO TENGO NI IDEA Y SE HA DICHO TODO SOBRE ÉL!", PENSÉ.


¿QUÉ COMPARTÍAMOS FEDERICO Y YO? HABERNOS CRIADO EN UN PUEBLO Y NO SER COMO SE ESPERABA QUE FUÉRAMOS. MARICA-BOLLERA-TRANS.



Sinónimos afines de corteza: exterioridad, apariencia, aspecto, superficie, exterior.

CUANDO TERMINÉ EL CÓMIC ME ENTRÓ OTRO MIEDO: LA REACCIÓN DE FAMILIARES Y FANS QUE EVITAN SU SEXUALIDAD O LA TRATAN DESDE LA HOMOFOBIA. HASTA EL PUNTO DE NO MENCIONARLA COMO MOTIVO DE SU ASESINATO. "SE LO MATÓ POR ROJO, POR SUS IDEAS POLÍTICAS CONTRARIAS AL BANDO FRANQUISTA".

PUES NO. NO SOLO. ESO ES QUEDARSE EN LA CORTEZA.



A FEDERICO GARCÍA  
LORCA LO MATARON  
POR MARICON.

HAY QUE DECIRLO  
ALTO Y CLARO.

Y ES MUY IMPORTANTE  
REIVINDICAR QUE MATABAN  
TAMBIÉN POR SER HOMOSEXUAL,  
TRANSEXUAL, "RARITO", PORQUE  
DESDE ESA IMPUNIDAD HAN  
SEGUIDO AGREDIÉNDONOS,  
ANTES EN SILENCIO, AHORA CON  
TOTAL DESCARO, PORQUE AL  
NO RECORDAR PARECE QUE NO  
FUERA VERDAD Y ESA ES LA  
VENTAJA QUE NOS SACAN.

RECUPERAR LA MEMORIA  
NO PUEDE SALVAR DE  
LO QUE ESTÁ VOLVIENDO.

S/MARTÍN 2014





«HAY UN CUADRO DE KLEE  
QUE SE TITULA ANGELUS NOVUS.  
SE VE EN ÉL A UN ÁNGEL EN EL MOMENTO  
DE ALEJARSE SOBRE ALGO EN LO QUE  
CLAVA LA MIRADA...»



«...TIENE LOS OJOS DESENCAJADOS,  
LA BOCA ABIERTA Y LAS ALAS TENDIDAS...  
EL ÁNGEL DE LA HISTORIA DEBE DE  
TENER ESTE ASPECTO».

ES LA TESIS IX, LA MÁS USADA.  
EL ÁNGEL MIRA A GERNIKA  
EN 1937, A KABUL DESDE 2001,  
A SIRIA, BOSNIA Y VIETNAM...



A HIROSHIMA



OBSERVA EL LUGAR  
QUE OCUPARON  
SODOMA Y DRESDE.

«EN LO QUE PARA NOSOTROS  
APARECE COMO UNA CADENA  
DE ACONTECIMIENTOS...»

«ÉL VE UNA CATÁSTROFE ÚNICA»



QUE NO OLVIDA NADA,  
QUE MEZCLA LA SANGRE  
DE LA NAKBA Y DE LA SHOÁ





EL ÁNGEL CONOCE  
TODAS LAS MANERAS  
DE LLORAR Y CLAMAR  
AL CIELO PACIENCIA,



GUARDA EN SU MEMORIA  
UNA IMAGEN DE CADA  
MÉTODO DE TORTURA

Y LA GAMA COMPLETA  
DE COLORES MORTECINOS  
EN LOS ROSTROS HINCHADOS  
DE LOS NIÑOS.



NADA LE SORPRENDE,  
SABE QUE LA MODERNIDAD  
IMPONE MONTAÑAS DE  
CADÁVERES, PERO  
QUISIERA DETENERSE...




# FÓRA DE LUGAR




\* OES, E TI DE QUEN VÉS SENDO?








AQUÊS QUE TÊN FAMA D'HONRADOS N'A VILA  
ROUBARONME TANTA BRANCURA QU'EU TIÑA,  
BOTÁRONME ESTRUME N'AS GALAS D'UN DIA,  
A ROUPA DE COTE PUÑERONMA EN TIRAS.




NIN PEDRA DEIXARON, EN DOND'EU VIVIRA;  
SIN LAR, SIN ABRIGO, MOREY N'AS CURTIÑAS,  
O RASO C'AS LEBRES DORMIN N'AS CAMPÍAS;  
MEUS FILLOS... ¡MEUS ANXOS!... QUE TANT'EU QUERIA,  
¡MORRERON, MORRERON, C'A FAME QUE TIÑAN!




QUEDEY DESHONRADA, MUCHARONM'A VIDA,  
FIXERONM'UN LEITO DE TOXOS E SILVAS,

Y-EN TANTO OS RAPOSOS DE SANGRE MALDITA,  
TRANQUILOS N'UN LEITO DE ROSAS DORMIAN.



-SALVADEME, JOU, XUECES!  
BERREY... ¡TOLERIA!  
DE MIN SE MOFARON,  
VENDEUM'A XUSTICIA.



-BON DIOS, AXUDAIME, BERREY,  
BERREY INDA... TAN ALTO QU'ESTABA,  
BON DIOS NON M'OIRA,



ENTONCES CAL LOBA DOENTE OU FERIDA,  
D'UN SALTO CON RABIA PILLEY A FOUCIÑA



RONDEI PASENIÑO... ¡NE-AS ERBAS SENTIAN!

Y-A LUA ESCONDIASE, Y Á FERA DORMIA



COS SEUS COMPAÑEIRÓS EN CAMA MULLIDA.



MIREINOS CON CALMA,  
Y AS MANS ESTENDIDAS



D'UN GOLPE,  
¡O'UN SOYO!  
DEIXEINOS  
SIN VIDA.

Y-Ô LADO CONTENTA,  
SENTEIME D'AS VÍTIMAS,  
TRANQUILA, ESPERANDO  
PO-L'A ALBA D'O DIA.

Y-ESTONCES... ESTONCES,  
CUMPREUSE A XUSTICIA,  
EU, N'ELES; Y AS LEISES,  
N'A MAN QU'OS FERIRA.




ROSALÍA  
DE CASTRO

A XUSTICIA  
PÓ-LA MAN

PAULA MAYOR

TEXTO DA EDICIÓN ORIXINAL





## XAQUÍN MARÍN

2 viaxes (1975), con Reimundo Patiño, foi o primeiro álbum da BD galega; seguiron a este títulos como *Ratas*, *Gaspariño* e *Dos pés á testa*. Ten colaborado nunha longa lista de publicacións. Foi fundador e director do Museo do Humor de Fene.



Ilustración que serviu de modelo de cor para a realización da figura en volume.

Xaquín Marín asiste ao Viñetas 2024 para inaugurar a primeira figura do festival protagonizada por un personaxe de banda deseñada galego. Gaspariño, que viu a luz hai xusto 50 anos en formato de tira cómica en prensa, é o personaxe escollido para desenvolver a figura deseñada polo artista coruñés Fernando Armadillo. A figura está inspirada nunha historieta publicada no fanzine *A Ameixa Cacofónica* en que vemos o personaxe correndo asustado polo «home do saco», un xeito de mofarse dos costumes americanos, como a celebración en Nadal da chegada do Papá Noel.

O festival marca un fito con esta nova figura para a súa colección homenaxeando a Xaquín, quen foi o pioneiro en facer banda deseñada escrita en lingua galega na década de 1970. A súa primeira historia, *El emigrante*, publicada na revista *Chan*, marcou un antes e un despois na historia do cómic galego.



Primeira tira de Gaspariño publicada no xornal *El Ideal Gallego* no ano 1974.




**NÃO QUEDES AÍ  
CORRE COMIGO**

**¿E LOGO QUE PASA?**

**¡VEN  
O HOME  
DO SAGO!**

**A AMEIXA LALOFÓNICA**



## E TI DE QUÉN VES SENDO, AKIRA?

Ata onde sabemos, Akira Toriyama nunca pisou Galicia. Pode que nin sequera soubese onde queda este recunchiño atlántico. Mais, curiosamente, poderíamos dicir que este mangaka nado en Nagoya, a case once mil quilómetros da Coruña, ten máis que gañado o título de galego adoptivo. Dúas das súas principais obras, *Dr. Slump* e *Dragon Ball*, son paires fundamentais da cultura popular galaica dende hai case corenta anos, ata o punto de poder considerar a Son Goku e a Arale como de raza autóctona.

Akira chegou ata esta terra coma un meteorito procedente dunha afastada galaxia. Foi na segunda metade dos anos oitenta, unha época ben distinta á actual, onde palabras ou conceptos como internet, globalización, teléfonos móbiles, redes sociais, *smart TV* ou cousas semellantes aínda non tiñan moito significado; a vida transcorría máis amodo e só había tres canles de televisión. Unha delas, a TVG, practicamente

en cueiros, pois contaba con dous anos escasos de actividade cando nela aterrou o meteorito Toriyama e as surrealistas aventuras de Arale e os demais habitantes de Vila Pingüín. Toda unha xeración de cativos e cativas galegas ficamos pampos diante do televisor vendo as andainas daquela nena androide superpoderosa e inocente, invención do xenial pero algo badanas Sembei Norimaki, sen poder crer o que estabamos a mirar. Non se parecía a nada do que coñeciamos, nin sequera a outras series de debuxos animados de procedencia xaponesa como *Mazinger Z*, *Heidi*, *Marco*, *Ulises 31* ou *Sherlock Holmes*. O doutor *Slump* tiña acción, fantasía, parodia e humor, unha chea de personaxes abraiantes; era irreverente, imaxinativa, rachaba con estereotipos e coas regras da realidade, ríase ata de si mesma e con todos estes ingredientes fíxose axiña cun lugar nos nosos corazóns. A febril imaxinación de Toriyama triunfara claramente coa súa carta de presentación, mais, cando un par de anos despois chegaba, de novo á televisión galega, a súa seguinte obra, a vitoria foi xa apoteótica. As bólas



*máxicas* (o nome co cal foi bautizada inicialmente *Dragon Ball*) provocaron unha conmoción definitiva e unha conexión inmediata. Esta nova serie mantiña boa parte dos vimbios que nos namoraran en *Arale*, reducindo o surrealismo e aumentando a acción, ao tempo que mantiña o seu humor retranqueiro. Construída coma unha saga, a procura das bólas do Dragón por parte de Son Goku e os seus amigos enfeitizounos dun xeito que nunca antes se vira, comezando unha febre polas aventuras deste neno de peiteado imposible que continúa hoxe en día e que semella ser transmitida de pais e nais a fillas e fillos, como se dunha lenda ou dun cantar se tratase.

Quedaba claro, xa que logo, que, lonxe de seren modas pasaxeirás, as creacións de Akira Toriyama viñeran para quedar.

Alén das virtudes narrativas e gráficas da obra de Toriyama (que non son poucas), non se pode entender este anómalo vencello con Galicia sen falar do excelente traballo do equipo de tradución e das actrices e actores de dobraxe que nos anos oitenta adaptaron estas series á lingua galega, constituíndo unha das ferramentas máis axeitadas para espallar e normalizar o idioma. Voces como as de Tonia Fuentes (Son Goku de cativo), Antón Rubal (doutor Slump), Marica Figueiras (*Arale*) ou Antonio Durán *Morris* (Mutenrohi), entre outras moitas, xunto coas cancións dos irmáns Dolores e Arturo Sabugueiro, forman parte indiscutible da banda sonora da vida de varias xeracións de galegas e galegos. Do mesmo xeito, o seu traballo foi fundamental para outorgarlle a estas dúas series un aquel de proximidade que axudou a sentir máis preto os personaxes e os seus actos, mesmo vindo estes

dende a outra punta do mundo, e, como dicíamos ao comezo, adoptalos coma se fosen nosos.


A relación entre Galicia e Akira Toriyama ben merece un estudo máis polo miúdo, por suposto, pero dende aquí non podemos máis que agradecerlle infinitamente ao mestre xaponés a creación dun universo tan engaiolante e que o puidese compartir connosco. Graciñas mil, Akira, *dômo arigatô gozaimasu!!!*

Xaime Lis


## TORIYAMA EN GALICIA

O falecemento de Akira Toriyama causou un fondo pesar en persoas de varias xeracións, que sentían os seus personaxes un pouco «de aquí». Partindo desa idea, quixemos pensar que as personaxes de Toriyama xa eran galegas dalgún xeito e imaxinamos unha homenaxe lúdica ao grande autor xaponés, que primeiro coñecemos polo *anime* e despois polo *manga*.

Pedímoslles a moi diversos autores galegos a súa particular versión dun dos compoñentes do formidable elenco das súas series máis famosas, *As bólas máxicas* e *O doutor Slump*. Cada un destes personaxes tiña que aparecer integrado nalgún lugar de referencia da xeografía galega. O resultado é unha mostra onde o gran talento dos participantes amosa imaxes antes non vistas que quedarán na retina do espectador, igual que Toriyama no corazónciño dos seus seguidores.



Julia Lago / Bu no Obelisco da Coruña.



Dani Xove / Bu e Bu Malvado na pedra de abalar de Muxia.






Brais Fierro / Son Goku en Pontedeume.




Miguel Fernández / Son Gohanda na catedral de Mondoñedo.





Fergo / Belcebú (*Sandland*) no globo de Betanzos.





José Domingo / Suppaman no estaleiro Astano, en Fene.



Lucia Cid / Arale nas torres de Oeste de Catoira.






Inés Vázquez / Bulma na Casa das Ciências da Coruña.





Miguel Porto / Gan e Can na igrexa da Peregrina, en Pontevedra.



Miguel Robledo / Krillin na Ponte Vella de Ourense.





Paula Cheshire / Célula no monte Pico Sacro.








Xulia Pisón / Toribot na muralla de Lugo.





Rubén Rial / Obotchaman no castelo de Vimianzo.






Alexandre Senande / C18 no hórreo de Carnota.



Sergio González Valdés / Raditz na praza de María Pita.





David Calviño / Piccoro nas Burgas.





Bea Gregores / A señoira Yamabuki na praia das Catedrais.

# ネコマジン



Luis Yang / Neko Majin na Torre de Hércules.





